



Concello de Ribeira de Piquín

BASES PARA A SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES NO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. - OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de un/unha traballador/a coa categoría de Auxiliar de atención a persoas dependentes para o Centro de Día Municipal, a xornada completa, cunha duración determinada de seis meses, contados a partir da formalización do contrato.

O procedemento de selección dos/das aspirantes será o de concurso-oposición, conforme ó baremo de méritos previsto nas presentes bases.

2.- COMETIDOS FUNCIONAIS.

O cometido funcional desta praza e do posto respectivo, corresponderase coa propia da mesma, sendo fundamentalmente as súas funcións as seguintes:

Funcións xerais:

- Asistenciais, de atención persoal.
- De orientación en actividades da vida cotiá no centro ou institución.
- Educativas, potenciando o protagonismo do usuario, non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.
- De colaboración co/a Traballador/a Social na coordinación e avaliación do servizo.

Funcións específicas:

- Asistencial: axuda en actividades de alimentación, medicación, hixiene, mobilizacións...
- Rehabilitadora: recuperación ou readaptación en capacidades funcionais do usuario (memoria, orientación, recoñecemento de persoas,...).
- Socializadora: actividades de comunicación e relacións sociais dos usuarios.
- Educativa: actividades de incremento de autonomía en hábitos de autonomía persoal e social.
- Nutrición: colaborar no servizo de comidas axudando aos usuarios e controlando os alimentos ingeridos.
- Hidratación: control e axuda na inxesta de líquidos.
- Hixiene persoal: axuda na hixiene persoal dos usuarios.
- Medicación: administración e control da medicación prescrita por un facultativo aos usuarios.
- Colaboración na limpeza e mantemento dos utensilios de traballo.
- Aqueloutras inherentes ao posto de traballo.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dalgún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley do Estatuto Básico do Empregado Público, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.





Concello de Ribeira de Piquín

- b) Posuír capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos términos, o acceso ao emprego público.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- f) Estar en posesión do certificado de profesionalidade de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais emitido pola Xunta de Galicia, ou equivalente, ou título técnico en coidados auxiliares de enfermería ou equivalente, ou título técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente. O requisito de titulación non será obxecto de valoración na fase de concurso.
- g) O coñecemento do idioma galego acreditarase mediante diploma, –Celga 2–, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e, no seu defecto, mediante proba escrita que se lle realizará o aspirante. Esta proba consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega.

4.- DURACIÓN

A contratación farase polo prazo de seis (6) meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación temporal por circunstancias da produción, consistindo este na prestación de atencións de persoas dependentes no centro de día municipal, baixo a supervisión e coordinación da Traballadora Social do Concello.

5.- PRESENTACIÓN E ACHEGA DE SOLICITUDES.

Os/As interesados/as poderán presenta-las súas solicitudes, nas oficinas municipais, no prazo de **CINCO (5) días naturais**, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte ao anuncio da convocatoria que se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, en horario de 09.00 a 14.00 h.

No modelo que figura como Anexo II nas presentes bases, o/a aspirante fará constar que reúne os requisitos que se relacionan no artigo 3 e achegará á solicitude a documentación que consta nesta base:

- a) Copia cotexada do D.N.I.
- b) Copia cotexada da titulación esixida.
- c) Copia cotexada do título de galego, de ser o caso.
- d) Declaración responsable segundo o Anexo III.
- e) Copia cotexada do carné de conducir B.
- f) Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos, etc.) debidamente cotexada.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose día inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou a través das oficinas de correos, as persoas solicitantes deberán comunicalo ao concello achegando unha copia da solicitude (Anexo II) por correo electrónico: concello@ribeiradepiquin.es o mesmo día da dita presentación noutros rexistros. Sen o cumprimento deste requisito a instancia entenderase inadmitida a tódolos efectos.





Concello de Ribeira de Piquín

6.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

6.1.- Fase de concurso:

A fase de concurso cualificarase de 0 a 2 puntos, esta fase será previa a de oposición, e non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fases de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os seguintes méritos:

A.1.- Experiencia profesional:

- Por servizos prestados en centros ou institucións públicas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,50 puntos por cada mes completo. Só se terán en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados.
- Por servizos prestados en centros ou institucións privadas na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,25 puntos por cada mes completo. Só se terán en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados.

Como máximo poderá alcanzarse por experiencia profesional 1 punto.

Os servizos prestados valoraranse por meses, para estes efectos sumaranse de forma independente en días todos os períodos correspondentes, dividíndose o resultado por trinta, computándose como mes completo. Depreciaranse os días do resultado final que sexan inferiores a 30 días.

Nos supostos de contratos de traballo a tempo parcial, computaranse os servizos prestados conforme á porcentaxe da xornada efectivamente desenvolvida.

Para a xustificación deste apartado os aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e os orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración de traballo. O tribunal non valorará aquelas contratacións onde non estivera fidedignamente acreditada a data de inicio e fin dos traballos efectivamente realizados.

A.2.- Cursos de formación:

Serán valorados os cursos directamente relacionados cas funcións da praza e os que se refiran á adquisición de competencias, habilidades e actitudes transversais, para estes efectos considérase materia transversal: prevención de riscos laborais, igualdade e prevención da violencia de xénero, lingua de signos española, técnicas de comunicación, traballo en equipo:

- Cursos de ata 20 horas: 0,20 puntos/curso.
- Cursos de entre 21 e 50 horas: 0,50 puntos/curso
- Cursos de entre 51 e 100 horas: 1 punto/curso

Neste apartado poderá alcanzarse como máximo 1 punto.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas do curso, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarían con 0,10 puntos/curso.





Concello de Ribeira de Piquín

6.1.- Fase de oposición:

A fase de oposición cualificarase de 0 a 8 puntos e consistirá en dúas probas:

a) Exame tipo test. Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test de 20 preguntas e cualificarase a razón de 0,20 puntos por cada resposta correcta, ata un **máximo de 4 puntos**. As respostas incorrectas non restan.

b) Preguntas a desenvolver. Consistirá en desenvolver dúas preguntas sobre os contidos do programa que se recollen no Anexo I da convocatoria. Cualificarase a razón de 2 puntos por cada pregunta, ata un **máximo de 4 puntos**.

O tempo máximo para a realización da fase de oposición será de 60 minutos e non terá carácter eliminatorio.

As puntuacións faranse públicas unha vez acabada a corrección do exercicio.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI ou do documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

O exercicio realizarase a porta pechada coa única presenza das persoas opositoras, os membros do Tribunal e as persoas colaboradoras que este último designe, no seu caso.

A puntuación final de cada aspirante do proceso selectivo virá determinada pola suma da puntuación obtida na fase de oposición e as puntuacións obtidas en cada un dos baremos da fase de concurso. En caso de empate, prevalecerá aquel aspirante que ostente maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo Tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

7.-TRIBUNAL SELECCIONADOR.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, e da fase de oposición estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Un funcionario ou empregado en réxime laboral dunha Administración Local ou de outra administración.
- Secretario: O da Corporación ou funcionario en quen delegue.
- Vogais: O Alcalde designará os seguintes: Tres funcionarios ou empregados en réxime laboral dunha Administración Local ou de outra administración.

O nomeamento dos membros do tribunal, titulares e suplentes que constitúan o tribunal, realizarase polo señor Alcalde do Concello, debendo posuír en calquera caso titulación ou especializacións igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Segundo o recollido no artigo 60 da Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, en todo caso, actuarase segundo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, tendo así mesmo en conta que, o persoal de elección de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán tomar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base de colaboración co órgano de decisión e que actuarán polo tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao señor Alcalde cando



Concello de Ribeira de Piquín

concorran nalgunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal dacordo co disposto no artigo 24 da devandita Lei.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interperse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- CONTRATACIÓN.

Os/as candidatos/as seleccionados serán contratados en virtude de resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

9.-RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno Local, previo ao Contencioso - Administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo correspondente, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no taboleiro de anuncios do concello (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; e o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario.-

En Ribeira de Piquín, a 1 de abril de 2024.

O Alcalde-Presidente,

Asdo.: Roberto Fernández Rico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





Concello de Ribeira de Piquín

ANEXO I

TEMARIO

1. Normativa que regula o servizo de atención a persoas dependentes en institucións sociais.
2. Regulamento de funcionamento do centro de día para persoas maiores do concello de Ribeira de Piquín, publicada no BOP Lugo núm. 75, de 1 de abril de 2019 e protocolos de actuación dos centros de día.
3. Apoio na organización de intervencións no ámbito institucional.
4. Intervención na atención hixiénico-alimentaria en institucións.
5. Intervención na atención sociosanitaria en institucións.
6. Apoio psicosocial, atención relacional, comunicativa en institucións e animación social de persoas dependentes en institucións.
7. Mantemento e mellora das actividades diarias de persoas dependentes en institucións e técnicas de comunicación con persoas dependentes en institucións.





Concello de Ribeira de Piquín

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES NO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D. /Dna. _____, con DNI _____, e
con domicilio a efectos de notificación en _____
_____; número de teléfono _____ e correo electrónico
_____.

Diante de vostede comparezo e expoño:

Que reúno tódalas condicións esixidas polas bases da convocatoria para cubrir unha praza de auxiliar de atención a persoas dependentes no Centro de Día municipal, é polo que, **SOLICITO** participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada cunha (X):

- Declaración responsable.
- Copia cotexada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego, de ser o caso.
- Copia cotexada do carné de conducir B.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...).

En Ribeira de Piquín, a _____ de _____ de 2024.

O/A solicitante.

Asdo.: _____.

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO)





Concello de Ribeira de Piquín

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DE UN/UNHA AUXILIAR DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES NO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.

D. /Dna. _____, con DNI _____, e
con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA:

Baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido no proceso selectivo arriba indicado:

- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas,
- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- No caso de ser nacional de outro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, ó acceso ó emprego público.

En Ribeira de Piquín, a ____ de _____ de 2024.

O/A solicitante,

Asdo: _____.

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO)

